



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO INCORPORACIÓN AO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA DO DECRETO 48/2006, de 23 de febreiro	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI460F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

- Que incorporou unha vivenda cun compromiso de cinco anos á bolsa de vivenda en aluguer, regulado no Decreto 199/2002, do 6 de xuño.
- Que incorporou unha vivenda sen o compromiso de cinco anos na bolsa de vivenda en aluguer, regulado no Decreto 199/2002, do 6 de xuño.
- Que solicitou a incorporación dunha vivenda na bolsa de vivenda en aluguer, regulado no Decreto 199/2002, do 6 de xuño.

Por tanto, e atendendo o establecido na disposición transitoria quinta do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro,

SOLICITA:

A incorporación da dita vivenda no programa de vivenda en aluguer regulado no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

- A) FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO/A SOLICITANTE E DO/A PROPIETARIO/A, EN CASO DE NON COINCIDIR AMBAS AS PERSOAS.
- B) TÍTULO DE PROPIEDAD DA VIVENDA QUE SE DESEXA INCORPORAR NO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER.
- C) ÚLTIMO RECIBO DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.
- D) RECIBOS DE CONSUMOS DE ELECTRICIDADE E AUGA DOS ÚLTIMOS 6 MESES.
- E) PARA O CASO DE QUE O SOLICITANTE ACTÚE COMO APODERADO/A, PODER QUE O HABILITE COMO TAL.
- F) PARA O CASO DE QUE O SOLICITANTE SEXA USUFRUTUARIO/A, TÍTULO QUE O ACREDITE.
- G) PARA O CASO DE QUE ACTÚE COMO UN/A PROPIETARIO/A, CONSENTIMENTO EXPRESO DO/A USUFRUTUARIO/A PARA ALUGAR A VIVENDA.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.
Orde do 22 de xuño de 2006 pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adxudicación e concesión das subvencións no programa de vivenda en aluguer.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA, NESTE ÚLTIMO CASO ACHEGARASE DOCUMENTO ACREDITATIVO DA CITADA REPRESENTACIÓN

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAIDA

Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo en _____.

ANEXO II

Obras subvencionables

I. Eliminación de humidades interiores das vivendas.

- a) Filtracións.
b) Condensacións.

II. Mellora das condicións das carpintarías exteriores da vivenda: para mellorar os illamentos térmico, acústico e as humidades da vivenda.

III. Obras de acondicionamento das instalacións:

- a) Eléctricas (para adaptarse ao REBT).
b) Fontanaría: actuación en baños e cociñas.
c) Auga quente sanitaria.
d) Calefacción.

IV. Dotación básica de equipamentos de cociña para acadar un nivel mínimo de funcionalidade no referente a vertedoiro, cociña e neveira.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR OU CONVIVENCIAL PARA EFECTOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ALUGUER NO PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VÍA TELEMÁTICA AS ACREDITACIÓN RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS*

Declaro/declaramos que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar ou convivencial está composta polos membros que se reflicten neste escrito. En aplicación do artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente para os efectos de incorporación no programa de vivenda en aluguer regulado no Decreto 48/2006 e, se é o caso, posterior solicitude de subvención ao arrendamento, os asinantes autorizamos a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora do programa de vivenda en aluguer.

A Consellería de Vivenda e Solo tramitadora do expediente poderá solicitar á vista desta declaración calquera outra documentación que considere necesaria para a acreditación dos datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

SOLICITANTES E/OU unidade familiar ou convivencial (1)	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (2)	ESTADO CIVIL (3)	INGRESOS DECLARADOS NO ESTRANXEIRO (4) (SI/NON)	SINATURA DE QUEEN AUTORIZA: (5)

* Para a incorporación e, se for o caso, posterior concesión das subvencións reguladas no Decreto 48/2006, considéranse ingresos da unidade familiar ou de convivencia os ingresos anuais de todos os ocupantes da vivenda, exista ou non, entre eles, relación de parentesco.

- (1) Son solicitantes as persoas que demanden unha vivenda dentro do programa de vivenda en aluguer e os integrantes da unidade familiar ou convivencial que vaian residir nela.
 - (2) Deberán presentarse as fotocopias dos DNI/NIF dos compoñentes da unidade familiar ou convivencial maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios.
 - (3) S (solteiro/a), C (casado/a), V (viúvo/a), D (divorciado/a), SL (separado/a legalmente), PF (parella de feito legalmente recoñecida).
 - (4) Neste caso teranse que acreditar os ingresos autenticados pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.
 - (5) A sinatura implica que se autoriza a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións, e para os únicos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda en materia de vivenda que se solicita.
- Autorización que poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Consellería de Vivenda e Solo. Para os menores considerárase a autorización no caso de que asinen os seus representantes legais.
- Os membros da unidade familiar ou convivencial maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán achegar directamente os certificados requiridos no impreso de solicitude das axudas.

En de de 2006.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2006 subvencións a Pemes, en réxime de concorrencia competitiva, para o impulso de actuacións de sensibilización e difusión en materia de responsabilidade social corporativa e de apoio ás accións de responsabilidade social na promoción da igualdade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Preámbulo

A importancia actual de definir e implantar modelos de xestión innovadores acordes coas necesidades que teñen as organizacións e as empresas galegas, fan necesaria a promoción e o desenvolvemento de plans de mellora empresarial a través da utilización de instrumentos para a xestión integral, a ética e o fomento da responsabilidade social corporativa.

É responsabilidade dos poderes públicos galegos sensibilizar ás empresas e organizacións empresariais sobre os beneficios que achega a implantación de novos modelos de xestión encamiñados a facer evolucionar ás empresas e organizacións cara á mellora continua, con actuacións en materia de cooperación, promoción industrial, sensibilización e divulgación, igualdade de oportunidades de mulleres e homes e conciliación entre a vida familiar e laboral das mulleres e dos homes nas empresas.

Con esta finalidade, a Consellería da Innovación e Industria a través da súa Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, acorda realizar unha convocatoria de axudas a Pemes, para o impulso de actuacións de sensibilización e difusión de responsabilidade social corporativa, apoiando deste xeito as iniciativas que pretendan fomentar un comportamento socialmente responsable na promoción da igualdade.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Nesta orde establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2006 subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a realización de actuacións no ámbito da responsabilidade social corporativa nas que se leven a cabo, entre outras, accións de conciliación entre a vida familiar e laboral e a igualdade de oportunidades de mulleres e homes co fin de sensibilizar as Pemes galegas

sobre a cultura de xestión ética e socialmente responsable.

Artigo 2º.-Aplicación orzamentaria.

Para a concesión das axudas, propias das actuacións que se convocan para o exercicio de 2006, que terán a modalidade de subvención, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria seguinte:

Aplicación	Denominación	Ano 2006 (euros)
10.04-712-B-772.0	Fomento da promoción, a cooperación, excelencia e calidade empresarial	300.000
Total		300.000

Esta cantidade poderá ser incrementada en función das solicitudes presentadas e de acordo coas posibilidades de crédito.

En todo caso, estas axudas están acollidas ao réxime de mínimos, establecido no Regulamento (CE) nº 69/2001, da Comisión da Unión Europea, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos (DOCE do 13-1-2001), en virtude do cal a contía global de axudas de mínimos non porá superar o límite de 100.000 euros nun período de tres anos. O período de referencia presenta un carácter móbil, é dicir, que para toda nova axuda de mínimos que se conceda haberá que calcular a contía de todas as axudas de mínimos outorgadas durante os tres anos anteriores.

Artigo 3º.-Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias as empresas de carácter industrial ou de servizos con domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de pequena e mediana empresa (PEME).

Para estes efectos considerárase PEME a empresa que empregue menos de 250 traballadores, e cuxo volume de negocio anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros, así como que cumpra co criterio de independencia segundo os criterios definidos na recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003. Para o cómputo e límites sinalados no caso de empresas asociadas ou vinculadas efectuarase tal e como dispoñen as liñas 2 e 3 do artigo 6 do anexo da antedita recomendación.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

As actuacións subvencionables obxecto desta orde estrutúranse en tres liñas de actuación.

A) Implantación de sistemas de xestión de RSC nas empresas con accións que favorezan a igualdade de oportunidades de mulleres e homes (igualdade na selección, formación, valoración dos postos de traballo e política retribuída e/ou profesional) e favo-